



ARQUITECTURA
INDIANA
TOMIÑO

ESCOLA HISPANO- AMERICANA GOIANESA

A pegada das Américas



Localización

Coordenadas: 41.947053, -8.771095

Tipo de ben: escola

Concello: Tomiño

Parroquia: Goián

Lugar: Baixada ao Regatiño

Cronoloxía: 1928

Construtor: Serafín Carrera

Promotor: *Sociedad Unión Hispano-Americana Goyanesa e Sociedad de Obreros Agricultores de Goián*

Propiedade: pública

Uso actual: escola

Estado de conservación: bo. Reformado

Comentario e descrición

Foi a *Sociedad de Obreros Agricultores de Goián* quen, xunto coa *Sociedad Unión Hispano-Americana Goyanesa* con sede en Nova York, construíu esta escola en 1928, aínda que a creación do centro educativo remóntase a 1914 e durante todos eses anos as clases foron impartidas noutra sede. O centro contou cunha biblioteca que recibía doazóns de material desde Estados Unidos e que estaba aberta ao alumnado, pero tamén á veciñanza.

Actualmente, o edificio dedícase a centro de formación ocupacional municipal e o seu aspecto dista moito do orixinal. Semella que o edificio primixenio tiña planta rectangular, unha soa altura e tellado a dúas augas. Posteriormente, engadíuselle un anexo das mesmas características, máis baixo en altura, que fai que o conxunto agora dispoña dunha planta en «L». A fachada principal da construción presentaba unha porta central con dous vans a cada lado e unha escaleira de chanzos redondeados nos extremos que diminúen de tamaño a medida que ascenden. Parte desta escada e un dos vans quedaron inutilizados polo anexo construído posteriormente.

Referencias bibliográficas

- Bores Garamundi, Fernando: Casas de indianos. Pontevedra, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2009.
- Martínez Pousa, Cristal: Arquitectura e os Indianos en A Guarda, O Rosal e Tomiño: Proposta de catalogación, 2009. (Non publicada).

FICHA DE CATALOGACIÓN
Nº inventario: GOI-09

Tomiño
CONCELLO

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA